

## ANEXO II

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

## 1.- MEMORIA EXPLICATIVA DO PROGRAMA OBXECTO DO INVESTIMENTO.

1.1.- DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.

1.2.- AVALIACIÓN DAS SÚAS VANTAXES.

1.3.- RELACIÓN DE EFECTIVOS HUMANOS E MEDIOS MATERIAIS DE QUE SE DISPÓN.

1.4.- PLAN CRONOLÓXICO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

## 2.- ORZAMENTO PORMENORIZADO DOS GASTOS PREVISTOS.

## 3.- DECLARACIÓNS.

Don/Dona , con DNI nº como representante de , CIF/NIF e enderezo 

## DECLARA

Que en relación coa orde da Consellería do Medio Rural do 

sobre axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, solicitou (en caso de estar concedida, indicalo) para os investimentos obxecto deste expediente de subvención, axudas a través de:

- 
- 
- 

 Ningunha outra axudaQue as axudas concedidas ao consello regulador nos tres últimos anos fiscais para actuacións subvencionadas por convocatorias acollidas á normativa *de minimis* ((RE) 1998/2006) suman un total de Que o consello regulador cumpre todos os requisitos da citada normativa *de minimis*.

E, para que conste, para os efectos oportunos, asina esta solicitude

Lugar e data

, de

Asdo.:

*Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2010.*

A Consellería do Medio Rural publicou o 25 de agosto de 2008 a Orde do 19 de agosto pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións, e se convocaron estas axudas para o ano 2008.

Co motivo da aprobación do Regulamento (CE) 74/2009, do Consello, polo que se modifica o Regulamento (CE) 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, incluíronse unha serie de novas prioridades comunitarias, denominadas novos retos, establecidas no artigo 16 bis do Regulamento (CE) 1698/2005, como son o cambio climático, as enerxías renovables, a xestión da auga, a biodiversidade, as medidas de acompañamento da reestruturación do sector dos produtos lácteos e a innovación vinculada coas catro primeiras prioridades mencionadas.

Á súa vez, o Regulamento (CE) 473/2009, do Consello, do 25 de maio, modifica tamén o Regulamento (CE) 1698/2005 e o Regulamento (CE) 1290/2005, sobre o financiamento da política agrícola común, como consecuencia do Plan Europeo de Recuperación Económica (PERE), que introduce no referido artigo 16 bis do Regulamento (CE) 1698/2005 outra nova prioridade, como é o desenvolvemento da infraestrutura da internet de banda larga nas zonas rurais.

Como consecuencia do anterior, modificouse o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural 2007-2013, o que supuxo que para as medidas de asesoramento ás explotacións agrarias, recollidas no capítulo 4, se incluíron como materias posibles de asesoramento, ademais das de obrigado cumprimento, as que inclúan o asesoramento dos produtores agrícolas que estean dirixidas cara aos novos retos, é dicir, asesoramento sobre cambio climático, asesoramento sobre enerxías renovables, asesoramento sobre xestión da auga, asesoramento sobre biodiversidade e asesoramento sobre o sector leiteiro.

Polo que, de acordo co anterior e coa experiencia na xestión da convocatoria do 2008 desta medida, cómpre elaborar unhas novas bases reguladoras e convocar estas axudas para o ano 2010.

De conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e demais normativa concorrente,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias e convocalas para o ano 2010, segundo o disposto nos artigos 20, letra a), inciso IV) e 24 do Regulamento (CE) 1698/2005 de Feader, e no artigo 15 e anexo II punto 5.3.1.1.4 do Regulamento 1974/2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior regulamento e nos cales se prevén axudas destinadas a agricultores para facer fronte aos custos de utilización de servizos de aconsellamento destinados a mellorar o rendemento global da explotación.

#### SECCIÓN PRIMEIRA

##### BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS POLA UTILIZACIÓN DE SERVIZOS DE ACONSELLAMENTO POR PERSOAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

##### Artigo 2º.-*Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas que accedan de xeito voluntario aos servizos de aconsellamento e que cumpran as seguintes condicións:

1. Ser persoa titular dunha explotación agraria, situada no ámbito territorial da Comunidade Autó-

noma de Galicia. Nos casos en que unha explotación estea integrada parcialmente por elementos territoriais situados noutra comunidade autónoma, considerárase dentro do ámbito de aplicación desta orde cando a maior parte da súa base territorial estea situada na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Acreditar o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano concedente para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

3. Cumprir os requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Acollerse aos servizos de aconsellamento prestados por entidades inscritas e recoñecidas no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega), creado polo Decreto 235/2007, do 29 de novembro de 2007.

##### Artigo 3º.-*Axudas ás persoas titulares de explotacións demandantes de aconsellamento.*

1. Poderán concederse axudas ás persoas titulares de explotacións demandantes do servizo de aconsellamento para sufragar os gastos, en concepto de honorarios, orixinados polos servizos prestados por entidades que estean inscritas e recoñecidas debidamente.

2. De acordo co artigo 24 do Regulamento (CE) 1698/2005, o aconsellamento demandado polas persoas titulares de explotacións agrarias deberá comprender, como mínimo, e no que resulte de aplicación á súa explotación, os seguintes ámbitos:

-Os referidos no capítulo I do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) 1782/2003. Os requisitos mínimos de boas condicións agrarias e ambientais son os regulados polo Real decreto 486/2009, do 3 de abril. Estes ámbitos están tamén regulados no Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de

xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural, e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñado.

-As normas relativas á seguridade laboral derivadas da normativa comunitaria.

-No caso das persoas agricultoras mozas as relacionadas co inicio da súa actividade.

3. Ademais das materias de obrigado aconsellamento, as persoas titulares de explotacións agrarias poderán solicitar aconsellamento ás entidades recoñecidas noutros ámbitos citados no artigo 3 do Decreto 235/2007 e, con carácter xeral, noutras materias co fin de acadar un aconsellamento integral, incluído o asesoramento relativo á posta en marcha do contrato de explotación sustentable, así como asesoramento sobre cambio climático, enerxías renovables, xestión da auga, biodiversidade, e sobre a reestruturación do sector leiteiro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 74/2009, do Consello, polo que se modifica o Regulamento (CE) 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

4. A axuda limitarase ao máximo do 80% do custo subvencionable por servizo de asesoramento completo, establecido no anexo do Regulamento (CE) 1698/2005.

5. O importe desta axuda será de ata 640 euros cando a explotación estea cualificada como prioritaria, ao abeiro do disposto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e de ata 480 euros nos demais casos.

6. O importe da axuda prevista no número anterior poderá incrementarse ata un 15% cando a explotación estea situada en zona desfavorecida ou en zona de Natura 2000. Para estes efectos, considerarase que cumpre esta última condición cando o 20 % da superficie declarada na solicitude unificada da persoa titular da explotación estea incluído na dita zona.

7. A axuda resultante da aplicación dos números 5 e 6 poderá incrementarse nas seguintes porcentaxes:

a) Nun 50% no caso de que a persoa solicitante teña solicitado o contrato de explotación sustentable (CES) de acordo coa orde reguladora deste. Neste caso, o pagamento desa porcentaxe exixirá que a resolución aprobatoria do CES sexa anterior á data de xustificación dos gastos das axudas a que fai referencia esta orde.

b) Se a persoa solicitante non cumpre o punto anterior, e está incluída nalgún ou varios dos seguintes programas, a axuda incrementarase acumulativamente, e ata un total do 40% como máximo, nas porcentaxes indicadas:

-Ata un 10% no caso dun programa de reprodución, incluído nos programas de xestión zootécnica.

-Ata un 10% no caso dun programa de xestión técnica agronómica de produción e sanidade vexetal recoñecidos segundo o artigo 5 punto c do Decreto 235/2007.

-Ata un 10% no caso dun programa de alimentación ou dun programa de podoloxía, incluídos nos programas, de xestión zootécnica recoñecidos segundo o artigo 5º punto c do Decreto 235/2007.

-Ata un 10% no caso de estar integrada nunha agrupación de defensa sanitaria gandeira (ADSG).

-Ata un 10% no caso de estar dada de alta no rexistro de explotacións en control leiteiro.

8. Para os efectos do cálculo da axuda, non serán admisibles orzamentos cun custo elixible inferior a 250 euros.

9. As persoas titulares de explotacións demandantes de aconsellamento non poderán recibir axuda para máis de 3 servizos de aconsellamento completo durante o período 2007-2013. Para os efectos desta orde entenderase como:

-Servizo de aconsellamento completo o conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria por unha entidade de aconsellamento inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega), durante o período comprendido entre a data de presentación da solicitude, sempre e cando se ditase resolución aprobatoria da axuda sobre ese servizo, e os doce meses seguintes á data da súa aprobación. Estas actuacións incluírán sempre as materias de obrigado cumprimento, indicadas no artigo 3º, número 2, e as indicadas no número 3 se así o solicitasen as persoas titulares de explotacións agrarias.

#### SECCIÓN SEGUNDA

#### PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

#### Artigo 4º.-*Solicitude.*

Os solicitantes destas axudas deberán presentar no prazo establecido na correspondente convocatoria anual de axudas unha única solicitude por convocatoria, que incluírá os seguintes documentos:

a) Solicitude, axustada ao modelo normalizado que figura como anexo I da orde, debidamente cuberta.

b) Fotocopia compulsada do DNI ou NIF da persoa física ou CIF da persoa xurídica, titular da explotación agraria.

c) Orzamento do servizo contratado asinado por un técnico da entidade de aconsellamento inscrita no Resaxega. O orzamento deberá indicar os conceptos incluídos no servizo, como visitas á explotación, consultas en oficina, consultas telefónicas, elaboración de informes, actas, anotacións do caderno de explotación etc., indicando o número de actuacións previstas ao longo do servizo, o obxecto da actuación, as unidades ou horas que lle corresponden, o seu valor e o custo final. Ademais no orzamento figurarán separadas as operacións de aconsellamento sobre os novos retos das do resto de operacións.

d) Para os efectos do cómputo do incremento na axuda referido no artigo 3,7º b), en relación aos programas de reprodución, alimentación ou podoloxía, achegarase certificación da entidade que preste eses servizos. Así mesmo, e para os efectos da baremación establecida no artigo 5.2º k) achegarase certificación da entidade responsable do programa de calidade dos alimentos en que participe.

e) No caso de que a persoa titular sexa unha entidade asociativa, para a xustificación do cumprimento do referido no artigo 5º.2 i) e j), deberase acreditar cunha certificación do seu representante en que conste o nome das persoas socias, o sexo e a data de nacemento delas.

f) Así mesmo, cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens ou sociedade civil poderán resultar beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo V desta orde, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación e non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada lei.

#### Artigo 5º.-*Criterios de prioridade.*

1. A concesión de axudas axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, segundo o artigo 5.2º a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As axudas previstas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva, en función das dispoñibilidades orzamentarias, das porcentaxes de axuda e das solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos nela, clasificándose en función dos seguintes criterios referidos á persoa titular e á explotación, coa seguinte puntuación máxima por criterio:

a) Persoa titular de explotación que obteña a concesión de axudas do contrato de explotación sustentable coa Consellería do Medio Rural: 12 puntos.

b) Persoa titular de explotación que solicítase aconsellamento vinculado aos novos retos: 8 puntos.

c) Persoa titular de explotación cualificada como prioritaria de acordo coa Lei 19/1995 do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias: 5 puntos.

d) Persoa titular de explotación que recibira a axuda á utilización dos servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias do ano 2008: 4 puntos.

e) Persoa titular de explotación beneficiaria dunha axuda á modernización de explotacións agrarias (plan de mellora) nos últimos cinco anos: 2 puntos.

f) Persoa titular de explotación beneficiaria dunha axuda á incorporación de persoas mozas á actividade agraria nos últimos cinco anos: 2 puntos.

g) Persoa titular de explotación localizada en zona desfavorecida nos termos previstos nos artigos 36 a) (i) e (ii) e 37 do Regulamento (CE) 1698/2005, ou en zona Natura 2000: 2 puntos.

h) Persoa titular de explotación que sexa muller. No caso de explotacións asociativas, cando polo menos o 50 % das persoas socias que a integran sexan mulleres: 2 puntos.

i) Persoa titular de explotación que sexa agricultor mozo ou moza. No caso de explotacións asociativas, cando polo menos o 50% das persoas socias que a integran o sexan: 2 puntos.

j) Persoa titular de explotación de carácter asociativo ou cooperativo: 1 punto.

k) Persoa titular de explotación que participe en programas de calidade dos alimentos ou explotación ecolóxica : 1 punto.

3. No caso de que a dispoñibilidade orzamentaria limite o número de persoas beneficiarias aprobaranse as axudas en función da puntuación considerando que, de manterse a igualdade, terá preferencia a persoa titular que acredite un criterio que acade unha maior puntuación.

#### Artigo 6º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano responsable da instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2. A resolución dos expedientes corresponderalle ao conselleiro do Medio Rural por proposta da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, logo da avaliación das solicitudes polo órgano colexiado, que estará presidido pola subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, e integrado por tres funcionarios desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario. Posteriormente, estas resolucións serán notificadas ás persoas interesadas, segundo o previsto na normativa vixente.

3. O prazo para resolver e notificar as subvencións será de 9 meses segundo o previsto na Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e sempre antes do 31 de decembro. Se transcorrese o citado prazo máximo sen se ditar resolución expresa por parte do órgano competente, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, para os efectos da interposición dos correspondentes recursos potestativo de reposición e contencioso-administrativo.

4. Na resolución de concesión indicárase o importe da axuda, as condicións para a súa execución e o prazo máximo de xustificación, o cal con carácter xeral non excederá do 31 de decembro de 2011.

*Artigo 7º.-Xustificación dos gastos e pagamento das axudas.*

1. Só serán auxiliables os servizos que se realicen con posterioridade á data de presentación da solicitude, sempre e cando recaia resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos servizos.

2. Unha vez realizados os servizos e cumpridos, de ser o caso, os compromisos adquiridos, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo, por escrito, nunha solicitude de pagamento (anexo IV), preferentemente nos rexistros das oficinas agrarias comarcais, con anterioridade ao prazo máximo establecido na resolución aprobatoria da axuda, presentando tamén a documentación e os xustificantes dos servizos de asesoramento recibido, de acordo cos puntos 3, 4 e 5 deste artigo. O beneficiario deberá dispor dunha contabilidade específica Feader ou dun código contable axeitado, no cal deben estar incluídos os gastos declarados para esta axuda.

Os xustificantes dos gastos auxiliables da solicitude de pagamento consistirán de forma xeral nas facturas orixinais acreditativas do servizo, que deberán cumprir as exixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro) e serán dilixenciados pola Administración, co texto cofinanciado con fondos comunitarios.

3. Estes xustificantes virán acompañados do documento que verifique o pagamento efectivo delas co xustificante bancario do pagamento debidamente selado pola entidade, o cal pode ser un xustificante de transferencia bancaria, un xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo ou unha certificación bancaria. Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto) en que conste que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta da persoa beneficiaria, dentro do prazo para a xustificación da axuda.

4. Os gastos auxiliables non poderán ter, en ningún caso, relación directa ou indirecta coa venda de produtos ou prestación de servizos alleos ao propio servizo de aconsellamento, e deberán suxeitarse ao establecido nas directrices relativas á subvencionabilidade dos gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader, publicadas no *Boletín Oficial del Estado* nº 233, do 26 de setembro de 2009.

5. Xunto coa anterior xustificación de gastos, nesa solicitude de pagamento achegarase tamén certificación emitida pola entidade que presta o servizo en que se expliciten as materias e medidas obxecto de aconsellamento e que incluírán, cando menos, os

ámbitos definidos no artigo 24 do Regulamento (CE) 1698/2005 de Feader, así como tamén, e só no caso de ser elixibles, figurarán desagregadas as operacións de aconsellamento sobre os novos retos das do resto de operacións. Así mesmo, dentro desta certificación incluíranse os seguintes datos, por cada persoa beneficiaria:

1. Data e hora da actuación.
2. Duración da actuación.
3. Obxecto da actuación.

6. Na solicitude de pagamento só se admitirán facturas dunha única entidade de aconsellamento.

7. Previo ao pagamento das axudas, as persoas beneficiarias deberán acreditar de novo a xustificación de estaren ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non teñen ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da comunidade autónoma.

*Artigo 8º.-Compromisos das entidades de aconsellamento.*

1. Co fin de simplificar a xestión destas axudas, e de acordo co artigo 9 punto c) do Decreto 235/2007, do 29 de novembro, as entidades de aconsellamento que prestan o seu servizo, comprométense a levar un rexistro dos servizos prestados aos solicitantes, en que consten os servizos de asesoramento prestados, con indicación da data e duración do servizo, os datos do demandante, da explotación, os temas de consulta, e o consello ou propostas de mellora e que será remitido á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria unha vez rematado o servizo descrito na solicitude de axuda.

2. Os informes ou actas de aconsellamento emitidos por esas entidades terán por obxecto avaliar o rendemento e viabilidade das explotacións, e determinar o cumprimento das materias e medidas a que se fai referencia no artigo 3 do Decreto 235/2007, do 29 de novembro, propoñendo as melloras relativas á súa aplicación, se fose o caso. Estes informes ou actas deberán estar en posesión da persoa beneficiaria da axuda durante cinco anos desde a súa elaboración.

3. Para aqueles casos en que poidan xurdir modificacións ou discrepancias na relación entre o solicitante e a entidade de aconsellamento, os beneficiarios das axudas poderán cambiar a entidade de aconsellamento, cambio que se deberá realizar sempre con anterioridade ao comezo do servizo de asesoramento pola entidade que elaborou o orzamento aprobado. Estes cambios deberán ser comunicados por escrito, asinado polo beneficiario da axuda e polos representantes da entidade previamente aprobada e da nova entidade, en que se indiquen os motivos polos que se solicita o dito cambio. Estes cambios, para seren efectivos, deberán ser autorizados polo conselleiro do Medio Rural.

Artigo 9º.-*Seguimento e control da concorrencia e acumulación de axudas.*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda destinada ao mesmo fin.

2. As persoas solicitantes das axudas previstas nesta orde xuntarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda, efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas (anexo III).

3. Así mesmo, e previamente ao pagamento final, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (anexo III), tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 10º.-*Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, as persoas beneficiarias das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 11º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiaria, sempre que cumpra as condicións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada Lei 9/2007.

Artigo 12º.-*Reintegro das axudas.*

1. De acordo co artigo 2 do Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro (DOCE 368, do 23 de decembro), procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o momento da notificación da obriga de reembolso, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta as excepcións contidas.

2. Así mesmo, procederá ao reintegro da axuda no suposto de que a persoa titular da explotación colabore na obtención irregular dunha axuda para a implantación de servizos de xestión e aconsellamento por parte da entidade que lle presta eses servizos, de acordo co terceiro parágrafo do artigo 8 do Decreto 235/2007, do 29 de novembro.

Artigo 13º.-*Recursos administrativos.*

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou na respectiva orde de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

Artigo 14º.-*Controis, reducións, exclusións e sancións.*

1. A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria será a responsable de efectuar as actuacións necesarias tendentes á realización tanto dos controis administrativos das solicitudes de axuda e de pagamento como dos controis sobre o terreo, para verificar o cumprimento polos beneficiarios dos compromisos e obrigas que asumisen, todo isto sen prexuízo dos controis que deban realizar outras unidades con base no disposto na regulamentación aplicable a esta medida.

2. Os perceptores das axudas reguladas na presente orde quedan suxeitos ás disposicións comunitarias de control establecidas no Regulamento (CE) 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1290/2005 e estarán sometidos ao control e verificación da Comisión Europea, da Intervención Xeral da Administración do Estado, e do Tribunal de Contas, así como dos órganos fiscalizadores das comunidades autónomas.

3. Todas as obrigas e compromisos derivados desta orde estarán sometidas a control segundo o plan de controis establecido.

4. En función do resultado dos controis administrativos e dos controis sobre o terreo estableceranse, para cada un dos pagamentos que teñan que realizarse, as súas condicións, tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento (CE) 1975/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control

e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

5. Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o Regulamento (CE) 1975/2006, en particular o establecido no seu artigo 31, no caso de que se constate que unha persoa beneficiaria fixo deliberadamente unha declaración falsa, revogarase a axuda concedida e deberá reintegrar, se é o caso, as contías percibidas xunto cos xuros de demora producidos desde o seu pagamento. Ademais, quedará excluída das axudas reguladas nesta orde nas dúas convocatorias seguintes. Así mesmo, será aplicable o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Todo o anterior é sen prexuízo das sancións a que puidesen dar lugar en aplicación da lexislación vixente en materia de axudas.

SECCIÓN TERCEIRA  
CONVOCATORIA 2010

Artigo 15º.-*Convocatoria.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2010 as axudas reguladas por esta orde. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas con carácter xeral nos artigos anteriores.

Artigo 16º.-*Prazo.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como derradeiro día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o derradeiro día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

2. A presentación da solicitude de axuda realizárase segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e preferentemente, nos rexistros das oficinas agrarias comarcais, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexo I, que estarán a disposición dos interesados nas mencionadas oficinas. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida nesta orde.

Artigo 17º.-*Financiamento das axudas.*

1. O financiamento das axudas recollidas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación 13.02.712B.772.4, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, na cal existe crédito adecuado para o ano 2010, de 300.000 euros (trescentos mil euros), e para o ano 2011, de 2.700.000 euros (dous millóns setecentos mil euros).

2. Esta aplicación orzamentaria poderá incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e

da comunidade autónoma, de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O cofinanciamento do Feader nestas axudas acadará unha porcentaxe do 57,56% do gasto executado.

*Disposicións adicionais*

*Primeira.-Publicidade das axudas.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellaría do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web, se procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Segunda.-En todo o non recollido nesta orde aplícase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o establecido no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 e no Regulamento (CE) 1698/2005, do 25 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Terceira.-Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Deste xeito a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2010, no momento da resolución.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural





## ANEXO II

## LISTA DE CONTROL

## RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

(Indíquese cun "X" a documentación debidamente ordenada que se achega coa solicitude)

- Copia cotexada do NIF/CIF da persoa titular da explotación.
- Copia cotexada do NIF da persoa representante legal.
- Certificado orixinal de número de conta bancaria.
- Orzamento do servizo contratado (de acordo co artigo 4º c) da orde da convocatoria).
- Declaración do conxunto todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto segundo o anexo III.
- Outra documentación achegada (relaciónese).
- Certificación da entidade de xestión (de acordo co previsto no artigo 4º d) da orde de convocatoria).
- Certificación da entidade responsable do programa de calidade dos alimentos (de acordo co previsto no artigo 4º d) da orde de convocatoria).
- Certificación da entidade asociativa (de acordo co previsto no artigo 4º e) da orde de convocatoria).
- Anexo V.

Asdo.: A/o funcionaria/o

## ANEXO III

## DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMO OBXECTO

DON/DONA		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PERSONA TITULAR/REPRESENTANTE DA EXPLOTACIÓN (rísquese o que non proceda)		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CON ENDEREZO EN			
<input type="text"/>			
<b>DECLARO:</b>			
<input type="checkbox"/> Que non solicitei e/ou non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.			
<input type="checkbox"/> Que solicitei e/ou se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:			
<i>DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO</i>		<i>IMPORTE</i>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>TOTAL</b>		<input type="text"/>	
E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:			
_____, de _____ de _____			
Asdo.:			

ANEXO IV

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO DAS AXUDAS POLA UTILIZACIÓN DE SERVIZOS DE ACONSELLAMENTO POR TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS**

DON/DONA [ ]	DNI [ ]
PERSOA TITULAR/REPRESENTANTE DA EXPLOTACIÓN (risquese o que non proceda) [ ]	CIF [ ]
CON ENDEREZO EN [ ]	

**SOLICITO:**

Como persoa beneficiaria dunha axuda solicitada ao abeiro da Orde do -----, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas pola utilización de servizos de aconsellamento por titulares de explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2010 (DOG nº \_\_, do \_\_ de \_\_ de 2010), que se certifique o servizo contratado, polo seguinte investimento, segundo a seguinte relación de facturas acreditativas do servizo:

Nº FACTURA	ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO-Nº RESAXEGA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
<b>TOTAL</b>					[ ]

E para que así conste, para os efectos de que se proceda á certificación dos servizos realizados, asino esta solicitude de pagamento.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

## ANEXO V

Don/Dona  con DNI nº

en nome e representación da comunidade de bens/sociedade civil

con NIF/CIF

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que os membros que integran a comunidade de bens/sociedade civil son os que se relacionan na seguinte táboa; a porcentaxe de execución asumida por cada membro da comunidade de bens/sociedade civil e a porcentaxe de subvención que se lle vai aplicar a cada un deles son as que se indican a seguir:

NIF	NOME OU RAZÓN SOCIAL	% EXECUCIÓN	% SUBVENCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E para que así conste para os efectos de solicitar as axudas á utilización de servizos de aconsellamento polos titulares de explotacións agrarias, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

(Sinatura)

*Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor, e se convocan para o ano 2010.*

A perdiz rubia e o coello de monte son as especies cinexéticas tradicionais en Galicia. O progresivo descenso da actividade agrícola no medio rural supuxo o abandono de amplas zonas de cultivo, provocou a expansión do mato, a desaparición dos lindeiros vexetais e, como consecuencia, a perda da calidade do medio vital para estas especies contribuíndo así á regresión das poboacións. A isto hai que engadir o azoute da enfermidade hemorráxica

vírica e da mixomatose, que provocou a mingua dramática das poboacións de coello.

Os poderes públicos deben garantir a compatibilidade dos usos e actividades humanas coa conservación dos recursos naturais por medio do seu uso prudente e racional. Neste sentido, o labor da Administración autonómica, entre outros, é intentar harmonizar as actividades tradicionais e económicas coa conservación e os aproveitamentos sustentables dos recursos.

Partindo da necesidade de que o colectivo de cazadores se implique na conservación e na xestión dos recursos cinexéticos, e da obriga dos poderes públicos de garantir a compatibilidade dos usos e activi-